



## **BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

### **1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da convocatoria é a contratación de tres persoas, mediante a modalidade de contrato de duración determinada nas categorías de peón que cumpran os requisitos do Plan de Integración laboral da Deputación da Coruña.

*Numero de postos:* 3

*Tipo de xornada:* Completa

*Duración:* 4 meses

### **2.-RETRIBUCIÓN**

As retribucións serán as recollidas no documento remitido na solicitude do Programa de Integración laboral da Deputación Provincial da Coruña

### **3.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser de nacionalidade española. Poderán concorrer tamén os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea, despois de acreditar a súa nacionalidade conforme ao disposto na Lei 17/1993 do 23 de decembro, sobre acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea, e demais normativa. Logo de acreditación da súa nacionalidade, os nacionais de Estados os que en virtude de Tratados internacionais subscritos por Unión Europea e ratificados por España lles sexa aplicable a libre circulación de tralladores en termos en que está definida en Tratado Constitutivo de Comunidade europea, tamén poderán concorrer.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Non ter enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acredítanse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.
- d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.



- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea ou os daqueles que teñen subscritos Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou concorrencia penal que impidan no seu Estado o acceso á función Pública.
- g) Xustificación de estar en situación de desemprego
- h) Xustificación de estar nalgunha das situación que se relacionan no apartado seguinte

#### **4.-DESTINATARIOS**

Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar destes ata a toma de posesión, sendo nulo o nomeamento dos aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

Dado que se trata dun plan de integración laboral, soamente poden ser contratadas aquelas que estean en situación de exclusión laboral. Estas situación son as seguintes:

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, una discapacidade nun grao iguao ou superior ao 33%.

#### **Deberá acreditarse con certificado do grao de discapacidade.**

-Persoas desfavorecidas que estean nalgúnha das seguintes situación: drogodependencia, vivir nun fogar onde ningún teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

#### **Deberá acreditarse cun informe social do concello onde resida.**

-Parados de longa duración. Para os efectos deste programa consideraranse como parados de longa duración aquelas persoas que leven como mínimo máis de dous anos como demandantes de emprego.

#### **Deberá acreditarse coa presentación da tarxeta de demandante de emprego e un informe de vida laboral**

-Persoas vítimas de violencia de xénero.



**Deberá acreditarse con sentenza xudicial firme e comprobarase de oficio.**

As persoas para contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que deberán acreditar os concellos con carácter previo á contratación.

## **5-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES. PRAZO**

As solicitudes presentárasen no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais (anexo) e irán acompañadas de fotocopia do DNI e da documentación acreditativa dos méritos alegados e acreditación da situación de exclusión social ( copia dos cursos, informe de vida laboral etc.) os cales serán obxecto de compulsión no Rexistro de Entrada de documentos. Os méritos alegados e non documentados non se terán en conta.

O prazo de presentación das instancias será de cinco días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio na páxina web do Concello das Somozas: [assomozas.es/](http://assomozas.es/)

Unha vez rematado o prazo realizarase una lista de admitidos e excluídos dando un prazo de alegacións de tres días naturais, se están todos admitidos non se iniciará o prazo de alegación e o listado terá carácter definitivo. Na lista definitiva de admitidos e excluídos publicarase o día e hora para realizar a entrevista.

## **6.- COMISIÓN SELECCIONADORA**

A Comisión seleccionadora estará formada, segundo os criterios do artigo 60 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público:

Un presidente: Arturo A. Blanco Veloso secretario-interventor do Concello das Somozas.

Unha secretaria: Pilar Durán Rico, auxiliar administrativo do Concello das Somozas,

Unha vogal: Lourdes Pérez Garrote, técnico de gestión económica do Concello das Somozas.

## **7.-CRITERIOS DE SELECCIÓN**

### **1. EXPERIENCIA PROFESIONAL**

1.- Por cada mes traballado na empresa privada a xornada completa 0.15 puntos por mes, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, ata un máximo de 2 puntos.

2.-Por cada mes traballado na administración pública a xornada completa 0.30 puntos por mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, ata un máximo de 2 puntos.

A experiencia laboral para ser valorada deberá vir debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo, e indicará de xeito claro o seu inicio e



terminación así como a categoría profesional pola que fora contratado, non valorándose aqueles contratos que non o xustificuen debidamente. Acompañarase do informe de vida laboral

Valorase ata un máximo de 2 puntos

## 2. FORMACIÓN

1) Por acreditar documentalmente ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas: 10 puntos.

2) Por cada curso de perfeccionamento e de formación en materias propias de peón: ata un máximo de 5 puntos.

- ✓ Cursos de máis de 300 horas: 1.5 puntos.
- ✓ Cursos entre 100 e 299 horas: 0.70 puntos.
- ✓ Cursos entre 50 e 99 horas: 0.35 puntos.
- ✓ Cursos entre 20 e 49 horas: 0.15 puntos.
- ✓ Cursos de menos de 20 horas: 0.05 puntos.

Só se valoran os cursos que garden relación directa co obxecto do contrato.

3) Pola realización dunha entrevista persoal ata un máximo de 2 puntos.

## 8. PUNTUACION FINAL

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan a maior puntuación.

Cos candidatos que non obtiveran praza elaborárase una lista de agarda que estará formada polos outros aspirantes que non obtiveron praza, ordeadas de maior a menor puntuación. Esta lista de agarda servirá para substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia deste Programa de Integración Laboral, anualidade 2016.

Rematada a selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes pola orde de puntuación obtida por cada un deles, seleccionándose aos aspirantes que alcancen maior puntuación.

Os aspirantes seleccionados, previamente a súa contratación, e no prazo de tres días naturais dese a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados na base 4. DESTINATARIOS



De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

Solicitante de maior idade.

## **9. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Os contratos formalizaráanse por escrito cos aspirantes seleccionados. Mentres non se formalicen os contratos, os aspirantes propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha. No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

## **10. INTERPRETACIÓN**

A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e en todo o referente á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

## **11. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaránse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de As Somozas, con sede en Igrexa, 1 15565 – As Somozas, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición, dirixindo á Secretaría solicitudes asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a calificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Asimesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.”

As presentes bases quedan sometidas á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente no orzamento vixente, non podendo adoptarse ningún acordo trascendencia presupuestaria ata á súa efectiva existencia, logo da concesión da subvención pola Deputación Provincial de A Coruña.



## 12. PUBLICIDADE

Publicarase como un anuncio na páxina web do concello: [assomozas.es](http://assomozas.es); o resto da publicidade de todos os actos relativos a este procedemento realizarase mediante anuncios que se exporán no taboleiro de anuncios do Concello das Somozas.

## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal a tempo parcial para o posto de:

Peón

Declarando que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso coo persoal laboral temporal no Concello das Somozas.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (orixinais ou copias compulsadas, así como una fotocopia do DNI.

### DATOS PERSOAIS

DNI:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME: TELEFONO DE CONTACTO:

ENDEREZO:

CODIGO POSTAL:

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, a tempo completo, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria.

Estou encadrado dentro do seguinte colectivo (algún dos previstos na base 4. DESTINATARIOS)

.....  
.....  
.....





As Somozas, \_\_\_ de xullo de 2016

Asdo.:

A instancia acompañase ( sinalar cun X según proceda)

- Copia compulsada do DNI
- Copia compulsada do carné de conducir.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflexada a data do inicio e do remate da contratación, así como a categoría profesional (informe da vida laboral e copia dos contratos de traballo).
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da formación aprotada polo aspirante.
- Xustificación de estar en situación de desemprego.
- Xustificación da condición de destinatario da Base 4
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.

*De acordo co establecido pola Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle de que os sus datos serán incluídos nun ficheiro do que é titular o CONCELLO DAS SOMOZAS. Asimesmo, informámoslle de que poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no domicilio de CONCELLO DAS SOMOZAS en Lg. Igrexa, 1 -15565 - As Somozas (A Coruña).*

As Somozas, 28 de xuño de 2016

O alcalde



Asdo.: Juan Alonso Tembrás